

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

21226 *CORRECCIÓN de erros da Orde EHA/3462/2007, do 26 de novembro, pola que se desenvolven para o ano 2008 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido. («BOE» 296, do 11-12-2007.)*

Advertidos erros na publicación da Orde EHA/3462/2007, do 26 de novembro, pola que se desenvolven para o ano 2008 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido, publicada no Boletín Oficial del Estado, suplemento en lingua galega número 31, do 1 de decembro, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 3843, na nota do cadro dedicado á actividade «Agrícola dedicada á obtención de cereais, cítricos, leguminosas e fungos para o consumo humano e gandeira de explotación de gando bovino de carne, de gando porcino de cría, de gando ovino de carne e de gando caprino de carne», debe engadirse ao final da devandita nota: «Cítricos: laranxeira doce, laranxeira amarga, mandarino, limoeiro, pomelo, lima, bergamota, etc.».

Na mesma páxina 3843, na nota do cadro dedicado á actividade «Agrícola dedicada á obtención de uva para viño de mesa, froitos secos, oleaxinosas, remolacha, tomate para transformación e produtos do oliveiral, e gandeira de explotación de bovino de cría, e outras actividades gandeiras non comprendidas expresamente noutras partes», debe suprimirse: «Cítricos: laranxeira doce, laranxeira amarga, mandarino, limoeiro, pomelo, lima, bergamota, etc.».

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

21322 *REAL DECRETO 1570/2007, do 30 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos. («BOE» 297, do 12-12-2007.)*

A necesidade de regular a posesión dos animais potencialmente perigosos xustificou a aprobación da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, desenvolvida polo Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos.

Ben que a norma responde ás exixencias que derivan das peculiaridades deste tipo de animais, cuxa posesión exige cautelas especiais por razóns de seguranza pública, os cans que desempeñan funcións de asistencia a persoas con discapacidade, singularmente polo adestramento que recibiron, non presentan as circunstancias que obrigarían, noutro caso, a adoptar as precaucións convenientes para a xeneralidade destes animais.

Por isto, procede establecer un réxime especial para estes cans, que permita adecuar a normativa citada anteriormente ás características específicas do seu uso e posesión.

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados e o Consello Nacional da Discapacidade que recolle o Real decreto 1865/2004, do 6 de setembro, polo que se regula o Consello Nacional da Discapacidade.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación e do ministro do Interior, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de novembro de 2007,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos.*

O artigo 2.1 do Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, substitúese polo seguinte:

«1. Para os efectos previstos no artigo 2.2 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, terán a consideración de cans potencialmente perigosos:

a) Os que pertencen ás razas relacionadas no anexo I deste real decreto e os seus cruzamentos.

b) Aqueles cuxas características se correspondan con todas ou a maioría das que figuran no anexo II, salvo que se trate de cans guía ou de cans de asistencia acreditados e adestrados en centros oficialmente recoñecidos, conforme a lexislación autonómica ou, se for o caso, estatal, así como aqueles cans que se encontren en fase de instrución para adquirir esa condición.»

Disposición transitoria única. *Procedementos en tramitación.*

O disposto neste real decreto será de aplicación aos procedementos de obtención ou renovación da licenza administrativa para a posesión de animais potencialmente perigosos ou aos procedementos sancionadores por incumprimento da Lei 50/1999, do 23 de decembro, e do Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, respecto dos cales non exista resolución firme en vía administrativa o día da súa entrada en vigor.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.29.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de seguranza pública.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao de su publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 30 de novembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ